

DÍA EUROPEO DA MÚSICA 2024

Teatro Principal



Compostela
Cultura
Música

Somos

lookathingsdifferent, danza Nico Casal, piano

18 de xuño | 20.30 h

Entradas: 10 €*

SOMOS é un diálogo entre dous corpos e todos os seus camiños. Un intre de conexión. Un espazo que convida a apreciar a beleza da arte a través do movemento, da unión e do conxunto, da escoita interna e do vencello. A danza contemporánea da compañía lookathingsdifferent, marcada pola busca persoal, a exploración e a entrega das coreógrafas Carla Cervantes Caro e Sandra Egido Ibáñez, incorpora neste espectáculo influencias doutros estilos, ao son da música en vivo do compositor compostelán Nico Casal. A proposta forma parte das Xornadas de Música Contemporánea deste 2024 e do círculo Danza a Escena do INAEM.




Maria Mazzotta

19 de xuño | 20.00 h

Entradas: 12 €*

A italiana Maria Mazzotta é unha das voces máis apreciadas da contorna europea no ámbito da 'música do mundo'. Os seus concertos atrapan o público e mergúllano nunha viaxe a través das emocións da alma, atopando no canto e na tradición popular salentina do sur de Italia, o vehículo perfecto para experimentar a catarse, a forza, o amor ou o esquecemento. O seu primeiro álbum, *Amoreamaro*, fíxoa percorrer Europa cunha xira de 80 concertos en máis dunha vintena de países. Agora, chega por primeira vez a Galicia na compañía do acordeonista Antonio de Luca.



©Mónica Figueras Domenech

**DANZA
A-ESCENA**

la Red
de Teatros,
Auditorios,
Circuitos y
Festivales
de España



MINISTERIO
DE CULTURA

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE ARTES ESCENICAS

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

20 de xuño | 20.00 h

De balde**

A BMSC aposta pola anovación compositiva e polo talento musical galego nun concerto titulado *Dende a semente creativa* que forma parte do seu ciclo 'Postais' e das Xornadas de Música Contemporánea deste 2024. O director titular da Banda, David Fiuza, tomará a batuta da formación nun programa con tres estreas absolutas compostas por Xosé Carlos Seráns Oliveira, Federico Mosquera e Fernando Ruibal e unha obra de Juan Fernández Guzmán. A actuación contará coa intervención de dous solistas galegos: o contra baixista Antonio Romero Cienfuegos e o saxofonista Rafael Yebra.

Pablo Sanmamed Trío e Benxamín Otero


21 de xuño | 20.00 h

Entradas: 12 €*

Baixo o título *Zugunruhe. Inquietude Migratória*, o terceiro álbum de estudio de Pablo Sanmamed inspírase no comportamento ansioso que se dá nas especies migratorias, singularmente nas aves, ás que se lles impide migrar. O fenómeno motiva parte das composicións deste disco, como tamén o fai o seu contrario, a quietude, ou a ausencia desa necesidade de movemento. Agora en concerto, o traballo sorpréndenos coa incorporación do óboe e o corno inglés do reputado Benxamín Otero ao habitual trío de jazz conformado por Sanmamed ao contrabaixo, Iago Mourinho ao piano e Bruno Couceiro á batería, para dar forma a un cuarteto que forxa un son comunitario e inmersivo.



©Electropia Rodríguez



©Julia Morciani/Aleksandra Olsak

sús e Mel

22 de xuño | 20.00 h

Entradas: 12 €*

sús é o proxecto a solo da artista portuguesa Susana Nunes, unha proposta entre a electrónica experimental e o art pop que transita por diferentes formatos de expresión artística, a música electrónica de vangarda, o fado e a lírica portuguesa, sempre co son e a exploración da voz como vehículo principal.

Mel é un proxecto liderado por Lucas de Centi e Sandra Pérez que explora a mestura de diferentes estilos de música electrónica con elementos da música tradicional e do jazz. A súa aposta por un espectáculo baseado na improvisación conta coa participación de Antía Muíño na voz e con Miguel Arribas nos saxos e efectos sonoros.

* Co 50% de desconto para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas
** Previa retirada de convites

As entradas e convites están dispoñibles na web de Compostela Cultura, no despacho de billetes da Zona C · Punto de Información Cultural (aberto de martes a sábado, de 11 a 14 h e de 16 a 19 h) e no do Teatro Principal (o día de cada evento dende unha hora antes do seu inicio)

Máis información:

 compostelacultura.gal

 CompostelaCultura

 CCultura

 [compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

 CompostelaCulturaTV


CONSORCIO DE
SANTIAGO


Deputación
DA CORUÑA


CONCELLO DE
SANTIAGO